

GALICIENCIA 2024

BASES PARTICIPACIÓN



Este ano a exposición de proxectos de Galiciencia terá un formato híbrido de maneira que os centros educativos teredes que seleccionar como máximo dous proxectos (este límite só para centros educativos de Secundaria, Bacharelato e FP) para presentarvos á Galiciencia de forma presencial e sen límite de proxectos para presentarvos á Galiciencia online.

Se queredes presentar o voso proxecto na Galiciencia presencial ou online 2024 só tendes que facer un equipo do que formen parte dous alumnos/as como máximo e un docente e contarnos a vosa idea a través dun vídeo en formato horizontal de máximo 1 minuto de duración. O importante do vídeo non é tanto a calidade da imaxe como a defensa oral e a capacidade de síntese. **Unha vez gravado o vídeo tendes que subilo a YouTube e enviarnos a ligazón a través do formulario de inscrición.** A inscrición, vídeo e pdf deberán de realizarse en galego ou castelán.

Se o voso proxecto resulta seleccionado para participar de forma presencial dispoñeredes dun stand na Galiciencia 2024 onde poderedes expoñer o voso proxecto e entrar en contacto con outras mentes inquietas.

Todos os proxectos que sexan seleccionados para participar de forma presencial automaticamente pasarán tamén a participar de forma online.

Se o voso proxecto resulta seleccionado para participar de forma online exporase na nosa plataforma online de proxectos.

A data para a presentación de proxectos é do 22 de xaneiro ao 18 de marzo do 2024.

FINALIDADE

Fomentar as vocacións científicas e o espírito emprendedor.

PARTICIPANTES

Poderán participar na exposición de proxectos os centros educativos de primaria e educación especial, así como Secundaria, Bacharelato e FP de toda España.

Coa colaboración de:

A organización resérvase o dereito de tomar decisións non reflectidas nas bases, así como solucionar calquera tipo de conflito na interpretación destas.

INSCRICIÓN

A inscrición debe facerse efectiva a través do formulario de inscrición.

Os participantes recibirán confirmación da selección do seu proxecto durante a segunda semana de abril.

EXPOSICIÓN

Os proxectos seleccionados para participar de forma presencial disporán dun stand na Galiciencia 2024:

No caso dos proxectos de Secundaria, Bacharelato ou FP: Participarán expoñendo os seus proxectos ou experimentos durante os tres días previstos para a celebración da Galiciencia 2024 (8 e 9 de maio en horario de 10h a 13h e de 15h a 18h e 10 de maio en horario de 10h a 13h). Limitándose a participación máxima en 50 proxectos en total. E dous proxectos, como máximo, por centro educativo.

No caso dos proxectos de Primaria: Participarán expoñendo os seus proxectos ou experimentos un ou varios dos días abertos para a exposición de proxectos de primaria e educación especial (8, 9 e 10 de maio en horario de 10h a 13h). Esta cuestión queda suxeita a posibles modificacións en función da participación recibida, limitándose a participación máxima en 10 proxectos por día.

Os proxectos seleccionados para participar de forma online exporanse na web da Galiciencia (www.galiciencia.com).

EXPOSICIÓN, ESPAZOS E ACTIVIDADES PARA PROXECTOS SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR DE FORMA PRESENCIAL

Coa colaboración de:

- A cada proxecto asignaráselle un stand modular de 2 x 1 m con tarima e moqueta, iluminación, cadro individual e unha regreta, cunha mesa e dúas cadeiras dentro da carpa habilitada para tal fin, que contará con conexión a internet a través de wifi.
- Os/as alumnos/as e titor/a serán os responsables da colocación do seu material no stand nas horas previstas pola organización.
- As viaxes, aloxamentos, actividades e comidas serán custeados por Tecnópole, sendo imprescindible confirmación por parte do colexio participante. En caso de detectarse problemas coa organización destes aspectos, Tecnópole resérvase o dereito de excluír o proxecto implicado. (Só para secundaria, bacharelato e FP).
- Tecnópole facilitará un autobús para trasladar os participantes desde cada unha das catro provincias galegas ao lugar de aloxamento establecido pola organización o día previo ao inicio da Galiciencia, así como para realizar a viaxe de volta ata os mesmos lugares de orixe o último día da Galiciencia. O horario, datas e lugar de paradas serán unicamente os que a organización decida. (Só para secundaria, bacharelato e FP).
- Tecnópole encargarse do traslado en autobús durante os tres días da Galiciencia, entre o aloxamento establecido, o Parque Tecnolóxico de Galicia, ou outros desprazamentos necesarios para a realización de actividades organizadas por Tecnópole. (Só para secundaria, bacharelato e FP).
- Tecnópole non correrá con ningún gasto de desprazamento distinto dos expresados nos puntos anteriores, nin se encargará da súa organización. (Só para secundaria, bacharelato e FP).
- A distribución das habitacións será realizada por Tecnópole co fin de fomentar as relacións entre alumnos-alumnos e docentes-docentes, intercambio de coñecemento, de experiencias, etc. e tratando de seguir os criterios legais de non ter na mesma habitación alumnos/as con profesores/as, nin alumnos con alumnas para evitar incomodidades. (Só para secundaria, bacharelato e FP).

Coa colaboración de:

- Tecnópole encargarse de realizar unha planificación de actividades fóra do horario de Galiciencia, opcionais, pero non será responsable, en ningún caso, nin de actos nin de posibles accidentes dos alumnos/as..., que nelas participen, dos cales será responsable o/a titor/a dos alumnos/as. (Só para secundaria, bacharelato e FP).

ACEPTACIÓN

A presentación de traballos supón a plena aceptación destas bases.

PREMIOS

Soamente os proxectos de Secundaria, Bacharelato e FP seleccionados para participar de forma presencial competirán polos premios da Galiciencia a través da valoración por parte dun xurado multidisciplinar.

Todos os proxectos presentados para participar de forma online competirán polo premio ao proxecto coa mellor valoración popular. Premiarase o proxecto con máis interaccións, valorando distintos criterios de interacción.

O alumnado e docentes seleccionados para participar con proxectos, tanto de forma presencial como online, recibirán un diploma, así como material promocional da Galiciencia 2024. Ademais, os que participen de forma presencial recibirán un obsequio pola súa participación.

DECISIÓN DO XURADO (PARA SECUNDARIA, BACHARELATO E FP)

A decisión do xurado farase pública o **10 de maio do 2024 ás 13:30h** durante a entrega de premios da Galiciencia 2024 e a través da web de Galiciencia e das nosas redes sociais.

CATEGORÍAS DE PREMIOS (PARA SECUNDARIA, BACHARELATO E FP)

Establécense as seguintes categorías de premios:

- premio ao proxecto coa mellor comunicación e presentación oral.
- premio para o proxecto máis innovador.
- premio para o proxecto co método científico e proceso de investigación mellor definido.
- premio para o mellor proxecto englobado dentro da temática de Mellor, de Madeira.
- premio para o proxecto coa mellor valoración popular. *Só para a modalidade online.
- premio para o mellor proxecto liderado por unha nena e/ou mellor proxecto cuxa temática estea relacionada con iniciativas que contribúan á igualdade de xénero na contorna da I+D+i.
- premio para o mellor proxecto dentro da categoría de FP*. Só no caso de haber un número suficiente de proxectos dentro desta categoría. A valorar pola organización de GLC.
- premio para o ganador absoluto da Galiciencia 2024 que contará con 1000 € para financiar a súa participación noutra feira científica de carácter nacional, concretamente na Exporecerca 2025.
- premio para o ganador do segundo posto, 500 € para a súa participación na Zientzia Azoka, unha feira anual de ciencia que ten lugar cada ano na primavera en Bilbao.
- premio para o proxecto que quede en terceiro lugar, 200 € para a compra de material científico e/ou tecnolóxico para o centro escolar.

Coa colaboración de:

Elixirase como ganador absoluto da Galiciencia o proxecto que obteña maior puntuación na suma dos seguintes criterios de valoración: innovación e creatividade (25%), rigor metodolóxico (20%), autoría do alumnado (25%), defensa oral, comunicación e vocabulario (20%) montaxe e duración do vídeo e/ ou presentación no stand (10%). As porcentaxes que se indican entre parénteses significan o peso que supón a puntuación dese aspecto concreto sobre o total. A suma das valoracións obtidas dará como resultado o ganador absoluto da Galiciencia.